

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

7062 *Real decreto lei 7/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes de natureza tributaria, orzamentaria e de fomento da investigación, o desenvolvemento e a innovación.*

I

A necesidade de continuar na senda de consolidación fiscal iniciada a comezos de 2012 require da adopción de diversas medidas. Algunhas delas son o resultado dos compromisos reflectidos no Programa de estabilidade do Reino de España correspondente ao período 2013-2016, como as que se incorporan ao ordenamento mediante este real decreto lei e que inciden no ámbito dos impostos especiais e do catastro inmobiliario.

En materia de impostos especiais, este real decreto lei introduce modificacións na imposición sobre as bebidas alcohólicas que forman parte do ámbito obxectivo do imposto sobre produtos intermedios e do imposto sobre alcohol e bebidas derivadas, elevando a súa tributación nun 10 por 100 e constituíndo, polo tanto, unha fonte relevante de ingresos tributarios para a Facenda española. Ademais, debe terse moi presente que esta imposición constitúe tamén un importante instrumento ao servizo da política sanitaria.

Para estes efectos, é conveniente ter en conta que os tipos impositivos que gravan o alcohol en España se encontran dentro dos máis baixos da Unión Europea e que a última suba destes tipos impositivos se produciu a través do Real decreto lei 12/2005, do 16 de setembro, polo que se aproban determinadas medidas urxentes en materia de financiamento sanitario.

O cumprimento do compromiso político do Goberno de alcanzar os obxectivos de estabilidade orzamentaria e o feito de que a imposición sobre os elaborados do tabaco constituía unha fonte relevante de ingresos tributarios para a Facenda pública son razóns que xustifican un incremento dos tipos impositivos do imposto sobre os elaborados do tabaco, sustentando ao tempo os obxectivos desta imposición en materia sanitaria.

En primeiro lugar, debe destacarse a modificación que se adopta en relación cos tipos impositivos que afectan os cigarros. Incrementase o peso do compoñente específico fronte ao compoñente *ad valorem*. Con esta medida continúaase o proceso de reforma da estrutura mixta impositiva deste elaborado do tabaco iniciado co Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, polo que se introducen diversas medidas tributarias e administrativas dirixidas á redución do déficit público, que ten como finalidade alcanzar de forma progresiva un maior equilibrio entre o elemento porcentual do imposto vinculado ao prezo en relación co elemento específico determinado por unidade de produto. Ao mesmo tempo, incrementase a franxa da fiscalidade mínima dos cigarros, de forma que asegure os niveis desexables de tributación deste elaborado do tabaco.

Tamén se incrementan os tipos impositivos mínimos aplicables ao resto de elaborados. Polo que respecta aos xarutos e xarutiños, diminúese lixeiramente o diferencial de tributación existente entre os cigarros e estes elaborados, incrementando o tipo impositivo aplicable a estes nunha proporción superior a aquela en que se incrementa a fiscalidade mínima para os cigarros.

En relación coa picadura de lear, o axuste que se realiza pon de relevo as diferenzas existentes entre a fiscalidade deste elaborado do tabaco e os cigarros. Era, pois, necesario aproximar os niveis mínimos aplicados á picadura de lear aos dos cigarros, co fin de atender en maior medida ao grao de competencia que existe entre ambos os dous produtos, como se reflicte nos patróns de consumo destes produtos.

Así mesmo, cómpre destacar a introdución dun tipo mínimo para os demais elaborados do tabaco, tendo en conta as distorsións que se poden crear entre os diferentes elaborados do tabaco se non se axusta adecuadamente a súa fiscalidade, sen

prexuízo da conveniencia de homoxeneizar a estrutura de todas as epígrafes. Finalmente, axústanse os mínimos daqueles elaborados que son vendidos a prezos inferiores aos prezos de referencia determinados na norma.

Nas medidas que se inclúen neste capítulo concorren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como premisa para recorrer á dita figura normativa, pois, como se expuxo, a necesidade de continuar o proceso de consolidación fiscal para alcanzar a estabilidade orzamentaria e a observancia das medidas incluídas no Programa de estabilidade requiren da aprobación destas medidas sen máis dilación.

II

Na situación económica actual resulta de grande importancia introducir unha maior coherencia sectorial e operatividade na xestión dos programas de interese social financiados coa porcentaxe da asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas. Ben que, ata agora, estas axudas se viñeron estruturando en función dos colectivos protexidos, no momento actual esa distribución carece da operatividade necesaria para dar unha resposta eficaz ás demandas daqueles sectores en que é necesario incidir cunha maior urxencia.

Así, é imprescindible que aqueles fins a que se destina a citada asignación queden encadrados dentro duns eixes prioritarios de actuación sobre os cales se instrumenten os programas que se van desenvolver e que se circunscriben aos ámbitos seguintes: a atención ás persoas con necesidades de atención integral socio sanitaria, a atención ás persoas con necesidades educativas ou de inserción laboral, o fomento da seguridade cidadá e prevención da delincuencia, a protección do ambiente e a cooperación ao desenvolvemento.

As medidas expostas constitúen a resposta demandada con urxencia pola situación dos colectivos máis desfavorecidos e as entidades que atenden as súas necesidades e responden a un novo marco que se encontra amparado nas competencias do Estado correspondentes a cada unha das materias referidas no parágrafo anterior conforme o artigo 149.1.2.^a, 3.^a, 5.^a, 6.^a, 7.^a, 13.^a, 15.^a, 16.^a, 23.^a, 29.^a, 30.^a, 31.^a da Constitución española.

Por outra parte, faise inaprazable o recoñecemento xurídico do papel esencial que determinadas organizacións e entidades sen ánimo de lucro teñen á hora de dar resposta ás necesidades cada vez máis urxentes da sociedade, colaborando directamente coas administracións públicas e quedando ao mesmo tempo garantida a vía de canalización dos fondos públicos imprescindibles para que estas poidan cumprir e desenvolver os fins que lles son propios. Para iso, e por iso, considerouse pertinente outorgarlles unha especial consideración xurídica como entidades do terceiro sector colaboradoras coas administracións públicas. Trátase dunha nova categoría de carácter básico, en virtude da competencia do Estado prevista no artigo 149.1.18.^a da Constitución española para establecer as bases do réxime xurídico das administracións públicas, que debe permitir o recoñecemento como colaboradoras na execución de políticas públicas a un amplo elenco de organizacións de carácter privado xurdidas da iniciativa cidadá, sen ánimo de lucro e con fins de interese xeral, calquera que sexa a súa forma xurídica.

III

O capítulo III ten como finalidade dotar créditos no orzamento do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, por importe de 128.972.249,86 euros, para atender a realización de obras de emerxencia e outras actuacións investidoras, así como proceder á concesión de suplementos de créditos no orzamento do Ministerio de Economía e Competitividade para a realización de actuacións recollidas no Plan de investigación científica e técnica e de innovación, así como para atender necesidades de financiamento da axencia estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, por importe global de 104.000.000 de euros.

Polo que respecta ao orzamento do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, dótanse créditos para atender a realización das seguintes actuacións:

1. Reparación de danos no dominio público hidráulico e zonas lindeiras causados por chuvias e enchentes.

O primeiro trimestre deste ano caracterizouse polo feito de que as chuvias superaron amplamente os valores medios en toda a franxa do norte peninsular, desde Galicia ata o norte de Aragón, incluíndo o norte de Castilla y León e o centro de Andalucía. Ademais, en amplas áreas de Navarra e o País Vasco, as cantidades de precipitación acumuladas durante o primeiro trimestre superaron o dobre dos valores normais.

Neste contexto, ben que o papel regulador xogado polos encoros foi fundamental, os danos producidos de forma directa polas enchentes ou de forma indirecta polos desaugamentos de encoros provocados foron cuantiosos. Por iso é necesario acometer de forma prioritaria urxente aquelas actuacións destinadas á reparación e reposición da funcionalidade das infraestruturas afectadas, así como a limpeza e restauración dos leitos.

Por outra parte, ben que os encoros se amosaron como unha ferramenta eficaz para a redución das afeccións augas abaixo, a mellora da súa xestión e a aplicación de novas técnicas de telecontrol e apoio á toma de decisións é unha necesidade urxente.

O importe dos investimentos que se van realizar para atender as necesidades a que se refire esta epígrafe ascende a 39.972.249,86 euros.

2. Atender compromisos adquiridos en exercicios anteriores.

Como consecuencia de actuacións realizadas en exercicios anteriores, existen compromisos de gastos imputables ao exercicio 2013, relativos aos programas de «Xestión e infraestrutura da auga» e «Calidade da auga», que non é posible atender por insuficiencia de crédito.

A existencia destes compromisos provocou, en aplicación do disposto na disposición adicional décimo novena da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, a realización de retencións preventivas de crédito en diversas aplicacións do orzamento da Dirección Xeral da Auga, o que está a dificultar a xestión orzamentaria.

Para corrixir esta situación é necesario habilitar créditos por un importe de 61.000.000 de euros.

3. Adquisición dun avión destinado á extinción de incendios forestais.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal xestiona o programa de «Protección e mellora do medio natural», entre cuxos obxectivos se encontra a extinción e defensa contra incendios forestais para a protección da cuberta forestal mediante o envío de medios de apoio ás comunidades autónomas para a extinción de incendios forestais e a optimización e coordinación das actuacións necesarias.

Para as accións de apoio, optimización e coordinación de medios, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente dispón de 23 aeronaves propias.

Dada a antigüidade dalgunhas destas aeronaves, que implica unha diminución da seguridade, vaise proceder á súa retirada, o que fai necesario iniciar a reposición da frota incorporando polo menos unha unidade que permita a remuda dos avións en operación e as revisións preceptivas. Para iso requírese unha dotación adicional de crédito por importe de 28.000.000 de euros.

As necesidades postas de manifesto no orzamento do Ministerio de Economía e Competitividade para a realización de actuacións recollidas do Plan de investigación científica e técnica e de innovación, así como para atender necesidades de financiamento da axencia estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, por importe global de 104.000.000 de euros, concréntanse nas seguintes actuacións:

1. Actuacións consideradas no Plan de investigación científica e técnica e de innovación.

A Estratexia e o Plan de ciencia, tecnoloxía e innovación teñen como obxectivos o recoñecemento e a promoción do talento de I+D+i e a súa empregabilidade, o impulso do liderado empresarial en I+D+i, o fomento da investigación científica e a técnica de excelencia e o fomento de actividades de I+D+i orientadas a resolver os retos globais da sociedade.

A Estratexia española de ciencia, tecnoloxía e de innovación 2013-2020 contén os obxectivos, as reformas e medidas que se deben abordar en todo o ámbito da I+D+i para potenciar o seu crecemento e impacto, e supón un importante paso para a construción do Espazo Europeo de Investigación e de Innovación.

Pola súa parte, o Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación 2013-2016 constitúe o instrumento mediante o cal a Administración xeral do Estado desenvolve os obxectivos da estratexia e representa un importante esforzo de simplificación que permitirá facilitar a xestión e as relacións cos cidadáns cubrindo as actuacións da totalidade dos aspectos necesarios para garantir, contando cos niveis adecuados de financiamento, a sustentabilidade do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación.

Os plans anuais de actuación son o instrumento de actualización continua do plan estatal durante o seu período de vixencia, razón pola cal recollen a relación de actuacións e convocatorias que anualmente se poñen en marcha a través do calendario previsto de convocatorias públicas, con indicación dos prazos de presentación e de resolución das propostas, así como dos organismos de xestión, previsión de novos convenios, desenvolvemento de acordos e outras actuacións.

No marco do Plan anual de actuación 2013, a Dirección Xeral de Investigación Científica e Técnica e a Dirección Xeral de Innovación e Competitividade, dependentes da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Ministerio de Economía e Competitividade, teñen previsto publicar convocatorias en concorrencia competitiva con axudas a proxectos de I+D+i para este exercicio e anos sucesivos.

A publicación destas convocatorias é urxente, xa que se debe garantir a sustentabilidade do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, e considéranse inaprazables para manter o nivel de I+D+i como corresponde a un dos países que aspira a ser máis avanzado dentro da Unión Europea e de cara a poder acceder nas mellores condicións aos fondos europeos que se están a analizar de cara ao H2020 (Horizonte 2020), como novo programa marco da investigación e innovación da Unión Europea.

As necesidades de crédito para atender o custo destas convocatorias durante o ano 2013 cifranse en 79.000.000 de euros.

2. Necesidades de financiamento na axencia estatal Consello Superior de Investigacións Científicas.

A axencia estatal Consello Superior de Investigacións Científicas necesita financiamento adicional por importe de 25.000.000 de euros, co obxecto de facer fronte aos pagamentos derivados da execución do seu orzamento. Iso, como consecuencia da situación que presenta o seu remanente de tesouraría en 31 de decembro de 2012, que é inferior ao que figura aplicado ao seu orzamento de ingresos para 2013.

IV

A disposición adicional primeira permite, de forma excepcional, ás entidades vinculadas ou dependentes das entidades locais que, con ocasión da súa clasificación no sector de administracións públicas, poidan, no exercicio en que teña lugar esta clasificación e no seguinte, e nos termos previstos na citada disposición, non estar suxeitas ao réxime de endebedamento previsto na Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Na disposición adicional segunda recóllese o fundamento xurídico da liquidación da participación das entidades locais en tributos do Estado.

Establécense criterios de homoxeneización para determinar o índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado entre 2004 e 2011, ou entre 2006 e 2011, polo que se refire á compensación adicional derivada da reforma do imposto sobre actividades económicas recoñecida a partir de 2006. Con iso lógrase o obxectivo de que a reforma do sistema de financiamento das comunidades autónomas sexa financeiramente neutral para as entidades locais no que se refire a aquel índice.

A disposición non terá ningún efecto financeiro posto que os créditos previstos para o pagamento da indicada liquidación xa foron calculados de acordo con estes criterios.

A incorporación desta disposición ao presente real decreto lei ten carácter extraordinario e urgente en canto que se refire a un ano concreto (ano 2011) cuxa liquidación se debe calcular, comunicar e, de ser o caso, transferir o seu resultado no próximo mes de xullo, xa que para aquela se coñecerán todos os elementos necesarios para realizar o dito proceso, co obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 82.un da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.

V

A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, regula na súa disposición adicional segunda a responsabilidade por incumprimento de normas de dereito comunitario e establece que as administracións públicas e calquera outra entidade integrante do sector público que, no exercicio das súas competencias, incumprisen as obrigas derivadas de normas do dereito da Unión Europea, dando lugar a que o Reino de España sexa sancionado polas institucións europeas, asumirán, na parte que lles sexa imputable, as responsabilidades que se xeren de tal incumprimento. Así mesmo, dispón que lle corresponde ao Consello de Ministros declarar a responsabilidade polo dito incumprimento e acordar, de ser o caso, a compensación ou retención que corresponda.

Por outro lado, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, regula no seu artigo 7 a responsabilidade financeira derivada en materia de xestión de fondos procedentes da Unión Europea; o alí disposto non se axusta ao previsto na citada disposición adicional segunda da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Por iso, é necesario levar a cabo unha modificación do citado artigo 7 da Lei xeral de subvencións, que se recolle na disposición derradeira segunda, e establecer a competencia do Consello de Ministros para resolver os procedementos para a determinación e repercusión da responsabilidade derivada do incumprimento por parte dos suxeitos integrantes do sector público das obrigas establecidas na normativa europea, ao mesmo tempo que se define o procedemento aplicable para aqueles casos distintos aos previstos na disposición adicional segunda da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Así mesmo, derróganse aquelas normas que con carácter sectorial regulaban un procedemento específico para a determinación e repercusión das responsabilidades derivadas do incumprimento da normativa europea, eliminando así a dispersión normativa existente na materia.

VI

A disposición derradeira terceira modifica o artigo 669 da Lei de axuízamento civil para variar o importe que depositarán os ofertantes para concorreren á poxa de bens inmoables, que pasaría do 20 ao 5 por cento. O obxecto desta modificación é equiparar o réxime da poxa de bens inmoables co que á de bens moables deu a recente Lei 1/2013, do 14 de maio, de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e alugamento social.

VII

A actualización do Programa de estabilidade do Reino de España 2013-2016 previu, entre outras medidas, que se dote de continuidade o incremento do tipo impositivo do imposto sobre bens inmobles que se introduciu a partir do 1 de xaneiro de 2012. Non obstante, dado que a aprobación do citado programa polo Consello de Ministros se produciu con posterioridade ao 1 de marzo, data límite para que os concellos lle comuniquen á Dirección Xeral do Catastro a solicitude de aplicación para o exercicio 2014 dos coeficientes de actualización dos valores catastrais previstos no número 2 do artigo 32 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo, pode darse a circunstancia de que nese novo escenario os concellos necesiten cambiar o seu criterio respecto á citada solicitude, razón que amplía o dito prazo, ao mesmo tempo que posibilita a presentación, dentro do novo prazo, da desistencia da solicitude que xa tivese sido formulada.

En coherencia co anterior, amplíase o prazo de publicación da orde ministerial que determine a relación de municipios en que resultarán de aplicación os citados coeficientes.

Por último, as disposicións derradeiras quinta e sexta regulan a habilitación normativa ao Goberno e ao ministro de Facenda e Administracións Públicas para desenvolveren o previsto no real decreto lei e a súa entrada en vigor.

No conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan concorren, pola súa natureza e finalidade, tal como se foi explicando nas epígrafes anteriores, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado en canto á concesión de suplementos de crédito e ao seu financiamento, e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 28 de xuño de 2013,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Medidas tributarias

Artigo 1. *Modificación da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais:

Un. Modifícanse os números 5 e 6 do artigo 23, que quedan redactados da seguinte forma:

«5. O imposto sobre produtos intermedios será exigible en Canarias aos seguintes tipos impositivos:

- a) Produtos intermedios cun grao alcohólico volumétrico adquirido non superior ao 15 por 100 vol.: 28,70 euros por hectolitro.
- b) Os demais produtos intermedios: 47,82 euros por hectolitro.

6. O imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas exíxirase en Canarias ao tipo de 714,63 euros por hectolitro de alcohol puro, sen prexuízo do disposto nos artigos 40 e 41 desta lei.»

Dous. Modifícase o artigo 34, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 34. *Tipo impositivo.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 23, o imposto exíxirase aos seguintes tipos impositivos:

1. Produtos intermedios cun grao alcohólico volumétrico adquirido non superior ao 15 por 100 vol.: 36,65 euros por hectolitro.
2. Os demais produtos intermedios: 61,08 euros por hectolitro.»

Tres. Modifícase o artigo 39, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 39. *Tipo impositivo.*

O imposto exíxirase ao tipo de 913,28 euros por hectolitro de alcohol puro, sen prexuízo do disposto nos artigos 23, 40 e 41.»

Catro. Modifícase o ordinal 5.º das alíneas a) e b) do número 2, así como o número 4, ambos os dous do artigo 40, que quedan redactados do seguinte xeito:

«Artigo 40. *Réxime de destilación artesanal.*

[...]

- a) Tarifa primeira do réxime de destilación artesanal.

[...]

5.º Tipo de gravame. O imposto exíxirase ao tipo de 799,19 euros por hectolitro de alcohol puro. Cando o imposto sexa exixible en Canarias, o tipo será de 622,23 euros por hectolitro de alcohol puro. O disposto neste número enténdese sen prexuízo do establecido no artigo 41.

- b) Tarifa segunda do réxime de destilación artesanal.

[...]

5.º Tipo de gravame. O imposto exíxirase ao tipo de 799,19 euros por hectolitro de alcohol puro. Cando o imposto sexa exixible en Canarias, o tipo será de 622,23 euros por hectolitro de alcohol puro. O disposto neste número enténdese sen prexuízo do establecido no artigo 41.

[...]

4. Introducción de bebidas derivadas fabricadas noutros Estados membros por pequenos destiladores.

O tipo aplicable en relación coas bebidas derivadas fabricadas por produtores independentes situados noutros Estados membros que obteñen unha produción anual que non exceda os 10 hectolitros de alcohol puro será de 799,19 euros por hectolitro de alcohol puro. Cando o imposto sexa exixible en Canarias, o tipo será de 622,23 euros por hectolitro de alcohol puro.»

Cinco. Modifícase o artigo 41, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 41. *Réxime de colleiteiro.*

Cando as bebidas derivadas obtidas en réxime de destilación artesanal se destinen directamente desde a fábrica ao consumo dos colleiteiros, na forma e coas condicións que se establezan regulamentariamente, o tipo impositivo aplicable será de 215,58 euros por hectolitro de alcohol puro. Cando o imposto sexa exixible en Canarias, o tipo aplicable será de 167,05 euros por hectolitro de alcohol puro. A aplicación destes tipos limitarase á cantidade de bebida equivalente a 16 litros de alcohol puro por colleiteiro e ano.»

Seis. Modifícase o número 1 do artigo 60, que queda redactado da seguinte forma:

«1. O imposto exíxirase conforme a seguinte tarifa:

Epígrafe 1.—Xarutos e xarutiños: agás nos casos en que resulte aplicable o parágrafo seguinte, os xarutos e xarutiños estarán gravados co tipo do 15,8 por 100.

O importe do imposto non pode ser inferior ao tipo único de 41,5 euros por cada 1.000 unidades, e incrementarase ata 44,5 euros cando aos xarutos e xarutiños se lles determine un prezo de venda ao público inferior a 215 euros por cada 1.000 unidades.

Epígrafe 2.—Cigarros: agás nos casos en que resulte aplicable o parágrafo seguinte, os cigarros estarán gravados simultaneamente cos seguintes tipos impositivos:

- a) Tipo proporcional: 51 por 100.
- b) Tipo específico: 24,1 euros por cada 1.000 cigarros.

O importe do imposto non pode ser inferior ao tipo único de 128,65 euros por cada 1.000 cigarros e incrementarase ata 138 euros cando aos cigarros se lles determine un prezo de venda ao público inferior a 196 euros por cada 1.000 cigarros.

Epígrafe 3.—Picadura para lear: agás nos casos en que resulte aplicable o parágrafo seguinte, a picadura para lear estará gravada simultaneamente cos seguintes tipos impositivos:

- a) Tipo proporcional: 41,5 por 100.
- b) Tipo específico: 22 euros por quilogramo.

O importe do imposto non pode ser inferior ao tipo único de 96,5 euros por cada quilogramo e incrementarase ata 100,5 euros cando á picadura para lear se lle determine un prezo de venda ao público inferior a 165 euros por quilogramo.

Epígrafe 4. Os demais elaborados do tabaco: 28,4 por 100.

Os demais elaborados do tabaco estarán gravados co tipo único de 22 euros por quilogramo cando a cota que resultaría da aplicación do tipo establecido no parágrafo anterior sexa inferior á contía deste tipo único.»

CAPÍTULO II

Regulación dos fins de interese xeral a que irá destinada a porcentaxe do rendemento do imposto sobre a renda das persoas físicas e do réxime das entidades do terceiro sector colaboradoras coas administracións públicas

Artigo 2. *Eixes da asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas e actividades de interese xeral consideradas de interese social.*

1. Son eixes das actividades de interese xeral consideradas de interese social, e como tales serán tidos en conta na determinación das bases reguladoras das axudas financiadas coa porcentaxe fixada do rendemento do imposto sobre a renda das persoas físicas a outros fins de interese xeral considerados de interese social, os seguintes:

- a) A atención ás persoas con necesidades de atención integral socio sanitaria.
- b) A atención ás persoas con necesidades educativas ou de inserción laboral.
- c) O fomento da seguridade cidadá e a prevención da delincuencia.
- d) A protección do ambiente.
- e) A cooperación ao desenvolvemento.

2. No marco dos eixes fixados no número anterior, e en execución do previsto no artigo II do acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre asuntos económicos, do 3 de xaneiro de 1979, as cantidades que se distribuirán no ano 2013 e seguintes, obtidas da asignación da porcentaxe do rendemento do imposto sobre a renda das persoas físicas para outros fins de interese social destinaranse a actividades de interese xeral que, entre as recollidas no artigo 4 da Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, do voluntariado, poidan ser declaradas regulamentariamente como de interese social. A dita porcentaxe será fixada anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado.

Así mesmo, poderán obter axudas económicas e subvencións con cargo aos créditos que se destinen a outros fins de interese xeral a Cruz Vermella Española e demais entidades ou organizacións en que desenvolvan as actividades a que se refire o número anterior.

Artigo 3. *Entidades do terceiro sector colaboradoras coas administracións públicas.*

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, poderán recoñecer como entidades do terceiro sector colaboradoras aquelas organizacións ou entidades que desenvolvan actividades de interese xeral.

Artigo 4. *Réxime de colaboración entre as entidades do terceiro sector e a Administración xeral do Estado.*

1. No ámbito da Administración xeral do Estado poderán recoñecerse como entidades do terceiro sector colaboradoras aquelas organizacións ou entidades que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas como entidades de ámbito estatal e, cando proceda, debidamente inscritas no correspondente rexistro administrativo de ámbito estatal en función do tipo de entidade de que se trate.
- b) Carecer de fins de lucro ou investir a totalidade dos seus beneficios no cumprimento dos seus fins institucionais non comerciais.
- c) Desenvolver actividades de interese xeral. Consideraranse como tales, para estes efectos, as previstas no artigo 4 da Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, do voluntariado.
- d) Calquera outro que se estableza legal ou regulamentariamente.

En ningún caso serán recoñecidas como entidades do terceiro sector colaboradoras coa Administración xeral do Estado os organismos ou entidades públicas adscritos ou vinculados a unha Administración pública, as universidades, os partidos políticos, os colexios profesionais, as cámaras oficiais de comercio industria e navegación, as sociedades civís, as organizacións empresariais e os sindicatos, e outras entidades con análogos fins específicos e natureza que os citados anteriormente, aínda que realicen algunhas das actividades incluídas na alínea c) do punto anterior.

2. As entidades do terceiro sector colaboradoras coa Administración xeral do Estado poderán desempeñar as seguintes actuacións:

- a) Informar e auxiliar a Administración xeral do Estado nas materias propias do seu ámbito de actuación, nos termos que se determine regulamentariamente.
- b) Participar como interlocutoras coa Administración xeral do Estado a través dos seus órganos de participación e consulta, nos termos previstos na normativa aplicable.
- c) Colaborar coa Administración xeral do Estado no desenvolvemento e na aplicación dos plans, programas e medidas de fomento, cando o obxecto da colaboración non estea comprendido no dos contratos regulados polo texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou a colaboración se efectúe de forma non onerosa para a Administración».
- d) Calquera outra que se determine regulamentariamente.

3. Regulamentariamente determinarase o procedemento para o recoñecemento como entidades do terceiro sector colaboradoras coa Administración xeral do Estado e concretaranse os dereitos e as obrigas que comporta o dito recoñecemento.

En todo caso, a resolución de recoñecemento como entidade do terceiro sector colaboradora coa Administración xeral do Estado, así como a súa revogación, será obxecto de publicación no «Boletín Oficial del Estado».

CAPÍTULO III

Suplementos de crédito

Artigo 5. *Concesión de suplementos de créditos no orzamento do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.*

1. Para atender a realización de obras de emerxencia e a cobertura de compromisos de gastos adquiridos por actuacións de exercicios anteriores concédese un suplemento de crédito no orzamento da sección 23 «Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente», servizo 05 «Dirección Xeral da Auga», programa 452 A «Xestión e infraestrutura da auga», capítulo 6 «Investimentos reais», artigo 61 «Investimento de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral», concepto 611 «Outras», por importe de 80.732.154,92 euros.

2. Para atender a cobertura de compromisos de gastos adquiridos por actuacións de exercicios anteriores concédese un suplemento de crédito no orzamento da sección 23 «Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente», servizo 05 «Dirección Xeral da Auga», programa 456 A «Calidade da auga», capítulo 6 «Investimentos reais», artigo 60 «Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral», concepto 601 «Outras», por importe de 20.240.094,94 euros.

3. Para a adquisición dun avión destinado á loita contra incendios concédese un suplemento de crédito no orzamento da sección 23 «Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente», servizo 18 «Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal», programa 446 C «Protección e mellora do medio natural», capítulo 6 «Investimentos reais», artigo 63 «Investimento de reposición asociado ao funcionamento operativo dos servizos», concepto 630 «Outras», por importe de 28.000.000 de euros.

Artigo 6. *Concesión de suplementos de crédito no orzamento do Ministerio de Economía e Competitividade.*

1. Para a realización de convocatorias públicas, no marco do Plan anual de actuación de 2013, concédense os seguintes suplementos de crédito:

No orzamento da sección 27 «Ministerio de Economía e Competitividade», servizo 13 «Dirección Xeral de Investigación Científica e Técnica», programa 463B «Fomento e coordinación da investigación científica e técnica», concepto 780 «Fondo Nacional para a Investigación Científica e Técnica», por importe de 71.000.000 de euros.

No orzamento da sección 27 «Ministerio de Economía e Competitividade», servizo 14 «Dirección Xeral de Innovación e Competitividade», programa 467 C «Investigación e desenvolvemento tecnolóxico-industrial», concepto 775 «Apoio á investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación no sistema CTE (Ciencia-Tecnoloxía-Empresa)», por importe de 8.000.000 de euros.

2. Para atender as necesidades de financiamento da axencia estatal «Consello Superior de Investigacións Científicas» concédese un suplemento de crédito no orzamento da sección 27 «Ministerio de Economía e Competitividade», servizo 11 «Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación», programa 000 X «Transferencias internas», concepto 730 «Ao Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC)», por importe de 25.000.000 de euros.

Este suplemento de crédito terá o seguinte reflexo no orzamento da axencia estatal «Consello Superior de Investigacións Científicas»:

Orzamento de ingresos:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe – (euros)
27.401.700.00	Do departamento ministerial a que está adscrito	+25.000.000,00
27.401.870	Remanente de tesouraría.	-25.000.000,00

Artigo 7. *Réxime de xestión dos suplementos de crédito.*

Os suplementos de crédito que se conceden no artigo 6.1 xestionaranse atendendo ao réxime de vinculación dos créditos establecido no artigo 10.Dous.5 da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.

Artigo 8. *Financiamento dos suplementos de crédito.*

Os suplementos de crédito que se conceden neste real decreto lei financiaranse con débeda pública.

Disposición adicional primeira. *Réxime de endebedamento aplicable a entidades dependentes ou vinculadas a entidades locais.*

Con carácter extraordinario e transitorio, as entidades vinculadas ou dependentes das entidades locais que se clasifiquen no sector de administracións públicas, no exercicio en que se aprobe a dita clasificación e no seguinte, non serán incluídas no ámbito de aplicación do réxime de endebedamento establecido no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e en normas que, con vixencia indefinida ou temporal, o completen ou desenvolvan, e aquelas entidades dependentes poderán formalizar as operacións de endebedamento que tiveren previstas nos seus orzamentos ou nos seus estados financeiros iniciais.

Disposición adicional segunda. *Criterios para o cálculo do índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado para a liquidación da participación das entidades locais en tributos do Estado do ano 2011.*

Para os efectos da liquidación definitiva da participación das entidades locais nos tributos do Estado correspondente ao ano 2011 e da aplicación do artigo 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado entre o ano 2004 e o ano 2011 determinarase cos criterios establecidos no artigo 20 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias que consisten:

1. Os ingresos tributarios do Estado do ano 2011 están constituídos pola recadación estatal no exercicio, excluídos os recursos tributarios cedidos ás comunidades autónomas polo imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre o valor engadido e polos impostos especiais, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 22/2009.

2. Polo que se refire ao cálculo dos ingresos tributarios do Estado do ano 2004 ou 2006, utilizaranse os criterios establecidos na alínea c) da disposición transitoria cuarta da Lei 22/2009, considerando como ano base o ano 2004 ou 2006, segundo proceda.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio para o recoñecemento das entidades do terceiro sector colaboradoras coa Administración xeral do Estado.*

1. Mentres non se desenvolva regulamentariamente o procedemento para o recoñecemento das entidades do terceiro sector colaboradoras coa Administración xeral do Estado previsto no artigo 4, considerarase que teñen esta condición as entidades que acrediten o cumprimento dos requisitos previstos no número un do citado artigo.

2. Unha vez que se produza este desenvolvemento regulamentario, as organizacións ou entidades consideradas como entidades do terceiro sector colaboradoras coa Administración xeral do Estado segundo o disposto no número anterior deberán presentar a correspondente solicitude de recoñecemento como tales, na cal acrediten o cumprimento de todos os requisitos exixidos regulamentariamente para iso, sen que a súa consideración previa como entidades colaboradoras ao abeiro desta disposición poida xerar dereitos ou prerrogativas de ningún tipo.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. No momento da entrada en vigor deste real decreto lei quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan o establecido nela e, en particular:

a) O artigo 121 bis do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

b) A disposición derradeira cuarta da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

c) Os puntos terceiro e cuarto da disposición adicional terceira da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.

d) A disposición adicional primeira da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.

2. Decláranse expresamente vixentes na súa redacción actual, no que non se opoñan a este real decreto lei, o Real decreto 825/1988, do 15 de xullo, polo que se regulan os fins de interese social da asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas, e o Real decreto 195/1989, do 17 de febreiro, polo que se establecen os requisitos e procedementos para solicitar axudas para fins de interese social, derivadas da asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas, aos cales se axustará a aplicación da asignación tributaria da porcentaxe do rendemento do imposto sobre a renda das persoas físicas mentres non se proceda á aprobación do desenvolvemento regulamentario previsto no artigo 2.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro das competencias exclusivas do Estado previstas, no artigo 149.1, números 2.º, 3.º, 5.º, 6.º, 7.º, 13.º, 14.º, 15.º, 16.º, 18.º, 23.º, 29.º, 30.º e 31.º da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

Modifícase o artigo 7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 7. *Responsabilidade financeira derivada da xestión de fondos procedentes da Unión Europea.*

1. As administracións públicas ou os seus órganos ou entidades xestoras que, de acordo coas súas respectivas competencias, realicen actuacións de xestión e control das axudas financiadas por conta de fondos procedentes da Unión Europea

asumirán as responsabilidades que deriven desas actuacións, incluídas as que sobreveñan por decisións dos órganos da Unión Europea, e especialmente no relativo ao proceso de liquidación de contas e á aplicación da disciplina orzamentaria por parte da Comisión Europea, de acordo cos seguintes réximes:

a) A responsabilidade dos suxeitos previstos na disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que teña a súa orixe en correccións financeiras acordadas mediante sentenzas, actos ou decisións ditados polas institucións europeas, determinarase e repercutirá conforme o réxime establecido na citada lei e na súa normativa de desenvolvemento.

b) Nos casos distintos dos previstos na alínea a) anterior, a determinación da responsabilidade realizarase conforme os trámites establecidos no título II desta lei.

Os órganos da Administración xeral do Estado e as entidades dependentes ou vinculadas a esta que sexan competentes para a coordinación de cada un dos fondos ou instrumentos europeos ou, no seu defecto, para propor ou coordinar os pagamentos das axudas de cada fondo ou instrumento, logo de audiencia das entidades afectadas mencionadas no punto anterior, resolverán sobre a determinación das referidas responsabilidades financeiras. Desas resolucións darase traslado ao órgano ou entidade competente para a xestión do fondo en cada caso para facelas efectivas.

En defecto de pagamento voluntario, as compensacións ou retencións que se deban realizar como consecuencia das actuacións sinaladas no punto anterior levaranse a cabo mediante a dedución dos seus importes nos futuros libramentos que se realicen por conta dos citados fondos e instrumentos financeiros da Unión Europea, de acordo coa respectiva natureza de cada un deles e, no seu defecto, coas cantidades que lle deba satisfacer o Estado á Administración ou entidade responsable por calquera concepto, orzamentario ou non orzamentario, sempre que non se trate de recursos do sistema de financiamento, de acordo co previsto na normativa aplicable.

2. A derivación de responsabilidade a suxeitos distintos dos previstos no número anterior farase conforme o establecido na alínea b) do número anterior».

Disposición derradeira terceira. *Modificación do artigo 669 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.*

O número 1 do artigo 669 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Para tomar parte na poxa, os ofertantes deberán depositar, previamente, o 5 por cento do valor que se lles dese aos bens conforme o establecido no artigo 666 desta lei. O depósito efectuarase conforme o disposto no ordinal 3.º do número 1 do artigo 647».

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo.*

Modifícase a disposición transitoria novena do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria novena. *Prazos para a aplicación no exercicio 2014 dos coeficientes previstos no número 2 do artigo 32.*

O prazo para que os concellos lle comuniquen á Dirección Xeral do Catastro a solicitude de aplicación para o exercicio 2014 dos coeficientes previstos no número 2 do artigo 32 amplíase ata o 15 de novembro de 2013. Ata esa data os concellos

poderán comunicarlle ao citado centro directivo a desistencia da solicitude que tivesen formulado.

Así mesmo, ampliase ata o 15 de decembro de 2013 o prazo para publicar no «Boletín Oficial del Estado» a orde ministerial que determine a relación de municipios en que resultarán de aplicación os citados coeficientes».

Disposición derradeira quinta. *Habilitación normativa.*

Habíltanse o Goberno e o ministro de Facenda e Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias, para ditaren as disposicións e adoptaren as medidas necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante, os seguintes incrementos que se recollen no número 1 do artigo 60 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, segundo a redacción dada no número seis do artigo 1 deste real decreto lei, aplicaranse con efectos desde o 5 de xullo de 2013:

Epígrafe 1. Xarutos e xarutiños: o incremento de ata 44,5 euros cando aos xarutos e xarutiños se lles determine un prezo de venda ao público inferior a 215 euros por cada 1.000 unidades.

Epígrafe 2. Cigarros: o incremento ata 138 euros cando aos cigarros se lles determine un prezo de venda ao público inferior a 196 euros por cada 1.000 cigarros.

Epígrafe 3. Picadura para lear: o incremento ata 100,5 euros cando á picadura para lear se lle determine un prezo de venda ao público inferior a 165 euros por quilogramo.

Epígrafe 4. Os demais elaborados do tabaco: o tipo único de 22 euros por quilogramo cando a cota que resultaría da aplicación do tipo proporcional sexa inferior á contía deste tipo único.

Dado en Madrid o 28 de xuño de 2013.

JUAN CARLOS R.

A presidenta do Goberno en funcións,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN